



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E TRES DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO (16/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás trece horas e vinte e cinco minutos do día vinte e tres de abril de dous mil vinte e cinco, en segunda convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas. Non falta ningún.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 16 de abril de 2025
2. Aprobación da relación de facturas núm. 017XOISE/2025
3. Aprobación da relación de facturas núm. 019XRRSE/2025
4. Resolución contrato servizo de limpeza 2023
5. Contratación do servizo de limpeza de e edificios e instalacións do Concello de Monfero. Adjudicación (Expediente Tedec 2024/C004/000003)

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 16 DE ABRIL DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 16 de abril de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 017XOISE/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 017XOISE/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, tramitado para a súa aprobación con omisión da función interventora na contratación á que se refire o gasto a recoñecer e no que se pronuncia nos termos e co alcance do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e considerando que consta acreditado que o servizo á que se refire está realizada e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender o gasto correspondente para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, o que os xustifica de maneira motivada, que os prezos que se facturan se axustan aos existentes no mercado, que se dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlle fronte, que descoñecía a necesidade de fiscalización previa e que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello por incumplir a obriga ao seu cargo, nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, e, polo tanto, que concorren razóns de interese público, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Coñecer e resolver a omisión de fiscalización acontecida, continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, ao que se presta aprobación, e acumular nun só acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o art. 67.1.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento ao dito acredor e a súa contabilización con cargo á aplicación orzamentaria que nela se indica:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	17XOISE/2024
Importe total	6.243,60€
Número de facturas e gastos que contén	2
Número do Rexistro de Facturas da primeira Factura	F/2024/418
Número do Rexistro de Facturas da última Factura	F/2023/508

O Alcalde en funcións,
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 019XRRSE/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

seu informe de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 19XRRSE/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refiren están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñoille á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	019XRRSE/2025
Importe total	12.141,72€
Número de facturas e gastos que contén	2
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2025/507
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2025/659

TERCEIRO.- Imputar os gastos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que nela se indican.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4. RESOLUCIÓN CONTRATO SERVICIO DE LIMPEZA 2023

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido, e dos informes e resto da documentación que, como a dita proposta, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Logo de ver o expediente tramitado para a Resolución do seguinte contrato de servizos:

Número expediente: 2025/C008/000001	
Tipo de Contrato: Servizos	
Obxecto do contrato: SERVIZO DE LIMPEZA EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV:90911000-6 Servizos de limpeza de vivendas, edificios e xanelas.	
Órgano de Contratación: Xunta de goberno Local	
Contratista: EXTERNA servicios generales de empresa, S.L.	
Representante: Pastor López Docampo	
Garantía Definitiva:	2.118,41€
Data de Formalización:	21/06/2023
Data de Inicio: 03/07/2023	Duración máxima: 2 anos

ANTECEDENTES

Documentos do expediente	data
Solicitud do contratista	05/06/2024
Informe do Responsable del Contrato	28/10/2024
Providencia da Alcaldía	07/03/2025
Informe de Secretaría	07/03/2025
Resolución para incoar procedemento Resolución	17/03/2025
Escrito de Emprazamento para dar Audiencia	18/03/2025
Certificado alegacións	01/04/2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Con data 5 de xuño de 2024 recíbese escrito da empresa contratista no que comunica que se dispararon os gastos derivados das limpezas extraordinarias previstas nos pregos, que o resultando da conta é negativo durante todo o ano do concurso e que lles resulta imposible asumir máis gastos canto ás limpezas extraordinarias, o que fai inviable manter o contrato vixente, solicitando a resolución del debido ás perdas acumuladas.

No informe do responsable do contrato do 28 de outubro de 2024, indícase que desde xuño a setembro de 2024 o contrato non se executou de conformidade cos pregos, describíndose os seguintes incumprimentos que poden ser causa de resolución del contrato por incumprimento ou demora detectados a data do 30/09/2024, cunha valoración económica deles:

- Non se limparon os teitos das casetas da piscina
- Non se limparon os cristais interiores e exteriores das casetas piscina.
- Non se fixo o barrido e fregado con máquina a presión do aparcadoiro centro saúde.
- Non se limparon as cortinas verticais que protexen as paredes da pista do polideportivo.
- Non se achegaron as fichas técnicas dos produtos de limpeza utilizados nas diferentes instalacións.
- Non se limparon os cristais exteriores das ventás do CPI Virxe da Cela.

Consta no expediente informe xurídico de data 7 de marzo de 2025

Mediante resolución da Alcaldía núm. 91/2025, do 27 de marzo de 2025, acordouse incoar o procedemento para a resolución do contrato polo incumprimento do contratista pola demora no cumprimento dos seus prazos e o incumprimento da obriga principal do contrato e darlle audiencia por prazo de dez días naturais.

Durante o prazo de audiencia non se formulou oposición polo contratista.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O artigo 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), ao regular as proposicións dos interesados, sinala o seguinte:

«1. As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido dila totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen condición ou reserva algunha, así como a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea».

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

En consecuencia, a presentación da proposición por parte dos interesados supón a aceptación das condicións do contrato, incluídos todos os prezos establecidos nos pregos, aceptación perfeccionada coa formalización do contrato entre a empresa e o Concello.

O artigo 211 da LCSP, establece que son causas de resolución do contrato, entre outras, tanto a demora no cumprimento dos seus prazos polo contratista como o incumprimento da obriga principal do contrato.

Examinada a documentación do expediente, considérase que quedan debidamente xustificadas as causas de resolución do contrato de servizos de referencia e que este seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable de conformidade co establecido nos artigos 190, 191 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, polo que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Resolver o contrato de servizos de limpeza ao que se refire este expediente polo incumprimento do contratista, pola demora no cumprimento dos seus prazos e o incumprimento da obriga principal do contrato, no momento que se inicie a prestación do servizo pola nova empresa adxudicataria, para o que se formalizará a correspondente acta de cese/inicio da prestación do servizo, que haberá de realizarse, como máximo, no prazo de vinte días hábiles desde a notificación do presente acordo de resolución.
2. Proceder á incautación da garantía constituída polo contratista, pola resolución do contrato por causas imputables ao contratista.
3. Notificar este acordo á empresa interesada para os efectos oportunos.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE E EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO. ADXUDICACIÓN (EXPEDIENTE TEDEC 2024/C004/000003)

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido, dos pregos, informes e resto da documentación que, como a dita proposta, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Nº Expediente:2024/C004/000003

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver a documentación contida no expediente de contratación de referencia, para o SERVIZO LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO, cun orzamento anual de 25.774,96€ co IVE incluído, que o contratista que a Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero considerou que era o que presentaba a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foi requirido, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4. f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector, en adiante LCSP, para que cumprira co establecido na cláusula 10 e 17 do PCAP, xa lle deu cumprimento, constituíu a garantía definitiva e presentou as acreditacións necesarias, e o informe de fiscalización de conformidade da Secretaría-Intervención, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

- 1 Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Monfero e da Alcaldía que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión e rexeitamento das ofertas presentadas, de clasificación, por orde decrecente (Anexo), atendendo á calidade-prezo segundo os criterios do prego, das que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta de adxudicación.
- 2 Adxudicarlle o contrato de servizos descrito no Prego de prescricións técnicas nomeado SERVIZO LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO, á empresa, ITMA, S.L., polo importe de 25.509,91€, máis 5.357,08€ de IVE, que suman un total de 30.866,99€ anuais (61.733,98€ total para dous anos) e de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, motivándoo na necesidade de prestar á veciñanza e persoas usuarias das instalacións un bo servizo, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, por considerar que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida, coa subrogación do persoal que viña desempeñando as funcións segundo táboa que consta no prego de cláusulas administrativas particulares no expediente electrónico da aplicación Tedec co número que consta ao comezo.
- 3 Se establece como condición de execución do contrato segundo o previsto no artigo 130 da Lei 9/2017, de contratos del sector público, que:

- No caso de que unha vez producida a subrogación os custos laborais fosen superiores aos que se desprendesen da información facilitada polo antigo contratista ao órgano de contratación, o contratista terá acción directa contra o antigo contratista.

- Así mesmo, e sen prexuízo da aplicación, no seu caso, do establecido no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, contemplase a obriga da entidade saínte, de responder dos salarios impagados aos traballadores afectados pola subrogación, así como das cotizacións á Seguridade social que se deban, se fora o caso, por tratarse dun caso de resolución do contrato coa entidade indicada, e sendo que consta obriga de que pola empresa privada que execute o mesmo servizo se subroga aos traballadores como novo contratista, sen que en ningún caso a obriga de asumir cantidades que se deban pola empresa anterior aos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

traballadores, se fora o caso, corresponda a este último empresario (artigo 130.6 LCSP).

- 4 Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo ás aplicacións orzamentarias 312.22700, 323.22700 e 342.22700, 32,10%, 4,94% e 62,96% do prezo, respectivamente.
- 5 Nomear Responsable do contrato ao Técnico Deportivo do Concello.
- 6 Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)
- 7 Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato, que non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, nun prazo non superior a 5 días a contar desde o seguinte a aquel en que houbera recibido o requirimento, unha vez transcorrido o prazo indicado anteriormente neste parágrafo sen que se houbera interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.
- 8 O Servizo deberá comezar a prestarse no prazo máximo de 20 días hábiles a contar desde a notificación do presente acordo, coordinadamente co remate da prestación del pola empresa anterior, o que se formalizará na correspondente acta de cese/inicio de prestación do servizo.
- 9 Notificar estes acordos ao adxudicatario, ao resto de licitadores, ao contratista anterior e ao responsable do contrato.
- 10 Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).

Anexo empresas licitadoras:

EMPRESA LICITADORA	IMPORTE (2 anos)	PUNTUACIÓN
ITMA, S.L.U.:	51019,82	100
MEPROSA. MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL	51840,00	98,42
ALBERTO LOPEZ VAZQUEZ (LIMPIEZAS LA UNION)	54100,00	94,31
Limpiezas Faro, S.L.	55200,00	92,43
SYMATEC, S.L.:	56040,00	91,04

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás trece horas e corenta e dous minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)